

LINGUA GALEGA

Texto:

Lavapiés, terraza do Económico. 12 da mañá dun domingo. O sol quente. Xa pedira o meu café con leite e torradas con tomate cando chega un matrimonio cunha rapaza embarazada e dispónse a sentarse na mesa do lado. O café chega mais faltan as torradas. Estírolle ao primeiro grolo para ver se me pilla o café inda quente. Saco o xornal. E dispóñome a mergullarme na lectura cando o ouvido se me vai á conversa do lado. Nada doutro mundo: a crise, o traballo, a veciña, os coñecidos... A rapaza, filla, fala de Inglaterra e de John (presumo que é a parella e parte responsábel da barriga grande). O home le o xornal e faille preguntas cun acento estranxeiro á súa presunta dona. Penso que o acento é alemán.

Unha muller duns 35 anos vai pasando por varias mesas. A rapaza conta que está pedindo a vontade á xente do barrio, que quedou sen traballo na empresa de tradución na que leva traballando dende hai oito anos, que xa esgotou o paro e que non lle chegan os cartos para pagar o alugueiro nin ten familia que a poida acoller. A señora, a que contaba de coñecidos e crise, pregunta de onde vén a rapaza. Ela contesta que é alemá. Directamente a señora pasa a falarlle en alemán dicíndolle cómo se atrevía ela a pedir esmola aos españois, que o que tiña que facer era volver ao seu país, que se non hai traballo para españois non debería habelo para ela. Por qué non pensas en volver? Inquire. Á agresividade da afiada pregunta a rapaza resposta que leva oito anos exercendo de tradutora en España e que ela o sente como o seu fogar e que non quere marchar porque ela séntese de Lavapiés, pero que agradece á señora os seus consellos. E despídese.

O sol anabóuseme; o pouco café que me queda, frío, tórnaseme amargo e pouco apetecíbel. Os minutos que seguiron foron infamantes. A señora ao parecer, nacida en Donosti pero vivindo en Sevilla, estivera emigrada na Alemaña durante anos. Así que comezou o seu discurso do ben que viven os alemáns, da enorme cantidade de traballo que hai, dos soldos increíblemente altos, da súa produtividade, blablabla... *no me digas a mi nada, que yo estuve allí y sé como son! ¡Que la chica vino en ese plan a ver si nos daba pena! ¿Pena? ¡Ninguna, qué se vuelva a su país!*

A situación paréceme dun surrealismo moi contradictorio. A señora que fora emigrante, filla de emigrantes, cunha filla emigrante casada con John en Inglaterra que agarda un neno que será medio inglés medio español, e un marido alemán, non fala, senón que baballoa e fai gala do máis absoluto desprezo por unha persoa en dificultades, emigrante, veña de onde veña. Está claro que nin mamando a indefensión conseguimos un mundo máis xusto. Será certo iso de que dun maltratado sae logo un maltratador? Deus nos pille confesados.

(Alba López Sánchez, Galicia Hoxe 06.11.2012)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *mergullarse, esgotar, esmola, surrealismo, facer gala* (1 punto).
2. Escriba o tema do texto e faga un resumo (2 puntos)
3. Escriba polo menos dous derivados de cada unha destas palabras: *sol, café, leite, traballo, veciño* (1 punto).
4. Conxugue o presente e o pretérito de indicativo dos seguintes verbos: *dispoñer, ver, ir, dicir, sentir* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).